

Dereitos e Liberdades na Galiza

RESUMO DE NOTÍCIAS

3º TRIMESTRE 2013



07/06/2013

EN EXERCICIO DO DEREITO Á LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Callón novamente absolvido de alegadas inxurias ao ex-xuiz decano da Coruña

O presidente da Mesa resultou absolvido por segunda vez da alegada falta por "inxurias" por que o demandara o ex xuiz decano da Coruña, Antonio Fraga Mandián, despois de aquel lle ter recriminado publicamente o uso e xustificación da forma espúria La Coruña. As dúas sentenzas encadran as palabras de Carlos Callón no exercicio da liberdade de expresión.

<http://esculca.net/web/node/3666#.UkrXttK9UaE>



09/06/2013

O CONCELLO NON TOMA MEDIDAS

Denuncian agresións policiais racistas na Coruña

O Foro Galego de Inmigración, xunto co a Asociación Sen Papeis de A Coruña e outros colectivos da cidade herculina, ven denunciando dende hai varios meses o que cualifica de "acoso ao que está a someter a Policía Local de A Coruña ao colectivo de persoas migrantes nixerianas residentes na cidade, particularmente aos vendedores ambulantes".

<http://esculca.net/web/node/3668#.UkrX2NK9UaE>

10/06/2013

CONTRA AS CONDICIÓNS EXTREMAS A QUE ESTÁ SOMETIDO

Preso galego con doenza grave en folga de fame

10/06/2013

José Antonio Vilasó Pardavila, preso galego actualmente interno no Centro Penal de Mansilla de las Mulas, en León, iniciou unha folga de fame para protestar polas duras condicións de illamento a que está sendo sometido a pesar de padecer SIDA e cancro linfático en estado moi avanzado, que o obriga a seguir un tratamento de quimioterapia.

http://esculca.net/web/node/3672#.UkrX_tK9UaE



11/06/2013

A RAIZ DA DENUNCIA DUN GARDA DE SEGURIDADE

Imputan 11 estudantes por unha protesta na USC

Once moz@s, a maior parte deles estudantes da USC, deberán declarar en calidade de imputad@s o vindeiro día 21 por uns supostos delitos de “desordes públicas, danos e lesións” acontecidos nunha mobilización universitaria o pasado 14 de marzo contra os recortes. A denuncia foi presentada por un dos gardas de seguridade presente na Reitoría.

<http://esculca.net/web/node/3673#.UkrYK9K9UaE>



11/06/2013

EM DEFENSA DOS DIREITOS DE PRESO GALEGO EM LEÓN

EsCULcA presenta queixa a Defensoría del Pueblo

EsCULcA presentou queixa junto da Defensoría del Pueblo e á Junta de Tratamiento do penal Mansilla de las Mulas (León) pola situación do interno J. A. Vilasó Pardavila. EsCULcA demanda a abertura de expediente a fin de constatar se foron vulnerados dereitos fundamentais e o cese inmediato do regime de isolamento a que está submetido na actualidade.

<http://esculca.net/web/node/3674#.UkrYUtK9UaE>



14/06/2013

CASO VILASÓ PARDAVILA

A Defensoría del Pueblo admite a trámite queixa de EsCULcA

14/06/2013

Con data de saída 11/06/2013, Concepción Ferrer i Casais, Adjunta Segunda del Defensor del Pueblo, notificou a EsCULcA a admisión a trámite da queixa presentada ese mesmo día en relación coas inxustificábel réxime punitivo aplicado a D. José Antonio Vilasó Pardavila, interno no C.P. De Masilla de las Mulas (León) que padece doenzas graves.

<http://esculca.net/web/node/3679#.UkrYfdK9UaE>



18/06/2013

POR RIGOR INNECESARIO E TORTURA A INTERNO NO PENAL

Declara como imputado funcionario do CP de Teixeira

18/06/2013

O pasado día 14 declarou perante o xulgado de instrución número dous de Betanzos, en calidade de imputado por delito de rigor inncesario e tortura, o funcionario de prisións nº 312 do C.P. de Teixeira no decurso das dilixencias previas en que EsCULcA actúa como acusación popular e figuran como prexudicados os presos do módulo de isolamento FJFC e GWM.

<http://esculca.net/web/node/3686#.UkrYydK9UaE>



18/06/2013

A "DIMENSIÓN TRANSCENDENTE" DAS CLASES DE RELIXIÓN

Os bispos galegos em procura de clientela

18/06/2013

Os bispos galegos saen en defensa das clases de Relixión xusto cando detectan que comeza a decaer no ensino público. Nunha carta conxunta remitida aos pais con motivo da Xornada Interdiocesana de Sensibilización sobre a Ensinanza Relixiosa e Moral nos centros escolares estatais e concertados, pídenlles abertamente que inscriban os seus fillos nas clases de Relixión.

<http://esculca.net/web/node/3687#.UkrZHnk9UaE>



19/06/2013

JULGAMENTO DE 4 INDEPENDENTISTAS

Observador de EsCULcA assistirá a vista oral na AN

19/06/2013

Fernando Blanco Arce, advogado e presidente de EsCULcA, assistirá como observador à vista do julgamento oral que terá lugar os próximos días 24 e 25 de junho na Sala do Penal da AN (Sec.3ª) contra quatro persoas conhecidas pola súa ideoloxía independentista, segundo consta na comunicación enviada hoje (19/06/2013) polo noso Observatório.

<http://esculca.net/web/node/3688#.UkrZQtK9UaE>



20/06/2013

EXIBIROM FOTOGRAFIAS DE PERSOAS NOM CONDENADAS

Menores de idade declaram na AN por "enaltecer de terrorismo"

20/06/2013

Os próximos 24, 25 e 26 de Junho están citadas a declarar na AN 5 persoas menores de idade acusadas de enaltecer do terrorismo por portarem fotos de independentistas em prisom preventiva na manifestación do 1º de Maio em Ourense. O mesmo julgado abriu diligências a outras 2 persoas por idéntico motivo, neste caso num ato do 25 de abril também em Ourense.

<http://esculca.net/web/node/3689#.UkrZddK9UaE>



20/06/2013

PROTESTAS CONTRA A BASE DE DRONES NO AERÓDROMO DE PALAS DE REIS

"A OTAN mata. Non queremos base de drones nas Rozas"

Un grupo de activistas de Mar de Lumes-Comité de Solidariedade Internacionalista manifestáronse o 19/06/2013 nas instalacións para amosar o seu rexeitamento ao uso militar delas e á súa cesión "á sempre e agresora OTAN" nunha campaña que será divulgada mediante cartaces na comarca de Lugo: A OTAN mata. Non queremos base de drones nas Rozas.

<http://esculca.net/web/node/3690#.UkrZoNK9UaE>



25/06/2013

CONTRA O DESPEJO DE AURELIA REI

Recurso contra as multas por mobilización na Coruña

Un cento de persoas acompaña a presentación de recurso contra as multas impostas a oito persoas por participaren nas mobilizacións contra o desafuzamento, entre elas Francisco Jorquera e varios bombeiros, que contaron co apoio de afectad@s polas preferentes. Denuncian a “criminalización” que practica o delegado do Goberno.

<http://esculca.net/web/node/3698#.UkrZxtK9UaE>



26/06/2013

CONTRA CATRO INDEPENDENTISTAS

EsCULcA detecta irregularidades na vista oral da AN do 24-24 de xuño

Á espera do relatório completo sobre o desenvolvemento da vista oral do procedemento 1/2012 que se segue na AN contra catro persoas galegas identificadas como independentistas, EsCULcA adiante algunhas irregularidades detectadas polo avogado enviado como observador que afectan ao principio procesual penal de igualdade en menoscabo de dereito de defensa.

<http://esculca.net/web/node/3700#.UkrZ69K9UaE>



28/06/2013

SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO

A Xunta vulnerou o dereito a folga

A Xunta de Galicia vulnerou o dereito a folga ao fixar servizos mínimos abusivos. Iso é o que confirma unha sentenza asinada pola sección 7ª da sala contencioso-administrativa do Tribunal Supremo con respecto da folga xeral do 29/09/2010. O TS rexeita o recurso da Administración galega e obrígaa a pagar 4.000 euros en concepto de custos.

<http://esculca.net/web/node/3701#.UkraDdK9UaE>



28/06/2013

NOS XULGADOS EN QUE COMPARECIAN MANIFESTANTES DENUNCIADOS POR AXENTES

Policia municipal de Tui espanca manifestante con minusvalía

A pasada terza feira, durante unha concentración nos Xulgados de Tui das plataformas de afectad@s polas preferentes en solidariedade con dous imputados por denuncias da policía local, axentes municipais espancaron un manifestante minusválido, afirma Xulio Vicente. Xulio Vicente está acusado de chamar “gorilas” aos axentes por actuacións anteriores.

<http://esculca.net/web/node/3702#.UkraMtK9UaE>



29/062013

BOICOTE QUEER, GAY, LÉSBICO E TRANSEXUAL A ISRAEL

Dia do Orgulho: Com apartheid e ocupaçom nom hai Orgulho

Quase um centenar de persoas do colectivo LGTB de Galiza fam público o dia do Orgulho um manifesto em apoio da campanha global BDS (Boicote, Desinvestimento e Sançons) em que criticam a tentativa de Israel de ocultar o apartheid e a limpeza étnica instrumentalizando as reclamançons deste colectivo mediante o chamado *pinkwashing*.

<http://esculca.net/web/node/3704#.Ukrra9K9UaE>



30/06/2013

VÍTIMA DE REPRESALIAS DA DIRECCIÓN DO CENTRO

Agrávase a situación de Vilasó Pardavila

A J.A. Vilasó Pardavila, que continua en réxime de isolamento encuberto no cárcere de Mansilla de las Mulas a pesar das numeros das numerosas protestas que provocou a súa situación, é vítima de numerosas represalias, entre elas a supresión do traslado en ambulancia nas saídas ao hospital, o que repercute negativamente no seu estado de saúde, xa moi grave.

<http://esculca.net/web/node/3706#.UkrajNK9UaE>



10/07/2013

GASTA A TVG

5.400 euros por retransmitir cada misa

O pasado marzo o director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, recoñecía no Parlamento que os medios públicos destinan uns 375.000 euros anuais a financiar a programación relixiosa, composta basicamente por un programa dedicado ao catolicismo, outro menor a relixión evanxélica e a retransmisión en directo de cerimonias dende templos católicos.

<http://esculca.net/web/node/3715#.Ukrca9K9UaE>



14/07/2013

PROPOSICIÓN NON DE LEI NO PARLAMENTO GALEGO

Peden que non se fagan xestións para que o Xefe do Vaticano visite a Galiza

Con data 5 de maio, os deputados Ramón Vázquez Días e Xavier Ron Fernández presentaron no Parlamento unha Proposición non de Lei para ser discutida en Pleno relativa a evitar as actuacións da Xunta tendentes a xestionar unha visita papal a Galiza por considerar inadmisíbel nun estado laico e aconfesional destinar fondos públicos a financiar autoridades relixiosas.

<http://esculca.net/web/node/3720#.UkrclldK9UaE>



14/07/2013

POR DECISIÓN DO XUIZ DE VIXILANCIA PENITENCIARIA
Vilasó Pardavila abandona o 2º grao

En auto ditado o pasado 8 de xullo, o Xuíz de Vixilancia Penitenciaria de León deixa sen efecto a decisión da Xunta de Tratamento do CP de Mansillas de las Mulas de manter en 2º grao J.A. Vilasó Pardavila e acorda a súa progresión a 3º grao. A resolución do xuíz baséase no estado de estado de do interno e ordena o ingreso "nunha institución adecuada".

<http://escolca.net/web/node/3721#.UkrCu9K9UaE>



17/07/2013

NINGUNHA DELAS CONDENADA
Declaran mozos de Ourense por exhibiren fotograrias de persoas presas
17/07/2013

Os pasados días 10 e 15 de xullo, seis mozos de Ourense prestaron declaración por exhorto procedente dos xulgados centrais de instrución da audiencia nacional en calidade de imputados dun alegado delito de enaltecemento do terrorismo. As declaracións foron recibidas polos xulgados 2 e 3 de instrución da mesma cidade.

<http://escolca.net/web/node/3724#.UkrC5tK9UaE>



23/07/2013

PARA O XANTAR DO 25 DE NÓS-UP
Goberno local de Compostela denega utilización dos xardíns de S. Roque
23/07/2013

O goberno local de Compostela, denegou a Nós-Unidade Popular o permiso para realizar este 25 de xullo nos xardíns de San Roque o xantar que a organización independentistas celebra todos os anos. A formación afirma que o permiso fora solicitado con varias semanas de anticipación e estuda manter e denuncia vulneración dos seus dereitos.

<http://escolca.net/web/node/3734#.UkrdMtK9UaE>



26/07/2013

A PN INTERCEPTA PERSOAS QUE SE DIRIXEN AOS AXENTES EN GALEGO
24-X: Acceso vedado á zona vella de Compostela a galego falantes
26/07/2013

Aconteceu o 24 de Xullo pola tarde e pola noite, cando os axentes rexistraron mochilas de quen portaba bandeiras da Galiza ou simboloxía nacionalista, para alén de impedir a circulación polo casco antigo a quen se dirixía a eles en galego, segundo relatan persoas que observaron ou sufriron esta situación. Dereitos Civís reclama ao valedor do pobo unha investigación.

<http://escolca.net/web/node/3735#.UkrdTtK9UaE>



22/08/2013

EXCLÚE PERSOAS CON VIH

A Xunta vulnera dereito à educación

O pasado día 21 de agosto, a Asociación Lazos Pro Solidariedade ou Comité Antisida de Ferrol denunciaron en conferencia de prensa un protocolo da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galiza discriminatorio coas persoas portadoras de VIH. O protocolo vulnera dereitos fundamentais segundo os colectivos cidadáns.

<http://esulca.net/web/node/3755#.UkrdrNK9UaE>



24/08/2013

A FAMILIARES DE PRESO GALEGO EM LEOM

A Defensoría del Pueblo investiga denuncia por trato vexatório

Com data 7 de agosto, a Defensoría del Pueblo comunicou a X.R.O., moço galego interno no penal de Mansilla de las Mulas (Leom) o abertura de diligências perante a Secretaria Geral de Instituições Penitenciárias para arrecadar informação sobre o alegado trato vexatório a que funcionarios do centro submeteron familiares suas nos controles prévios à umha visita.

<http://esulca.net/web/node/3756#.Ukrd0NK9UaE>



28/08/2013

AGORA NO ALTO DO ÉZARO

Continúan as identificacións a activistas soberanistas

Dous veciños da Baña, militantes do BNG, engrosaron esta terza feira a listaxe de persoas que foron identificadas ou apercibidas no percorrido de 'La Vuelta' por exhibiren simboloxía soberanista. Os veciños despregaran duas faixas ('Freedom for Galiza' e "Galiza is not Spain") no Alto do Ézaro e foron identificados por axentes do instituto armado.

<http://esulca.net/web/node/3759#.Ukrd-NK9UaE>



04/09/2013

SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE MADRID

Paso adiante xudicial contra a dispersión penitenciaria

A Sección oitava da Sala do contencioso administrativo do TSX de Madrid ven de ditar sentenza en RCA Procedemento Ordinario 604/2012 que supón un moi interesante achegamento xuridico ao instrumento da dispersión penitenciaria, anómalo nas instancias xudiciais, e un paso adiante importante contra esta nefanda práctica.

<http://esulca.net/web/node/3772#.UkreRdK9UaF>



04/09/2013

NA CAUSA SEGUIDA POLA MORTE DO INTERNO E.A.P.L.

Imputado xefe dos servizos médicos do penal de Bonxe

Con data 22 de Agosto 2013, a titular do xulgado de Instrución núm. 1 de Lugo citou a declarar en calidade de imputado e polo suposto delito de omisión do deber de socorro e imprudencia médica o xefe dos servizos médicos da prisión de Bonxe na causa seguida pola morte de E.A.P.L. A declaración tivo de ser cancelada por morte do imputado.

<http://esculca.net/web/node/3773#.UkrehdK9UaE>



05/09/2013

QUEREMOS GALEGO E A PLATAFORMA EN DEFENSA DO DEREITO AO ABORTO

Policía denuncia colectivos sociais por alegados destrozos

Queremos Galego e a Plataforma pola Defensa do Dereito ao Aborto acaban de recibir denuncias policiais polas que poden ser sancionadas con multas de até 6.000 euros. As forzas policiais atribúenlles "destrozos" en senllas manifestacións transcorridas o 16 de xuño e o 17 de maio. As organizacións falan de "criminalización" das súas accións de protesta.

<http://esculca.net/web/node/3775#.UkrestK9UaE>



13/09/2013

22 ORGANIZACIÓNS POLÍTICAS E COLECTIVOS SOCIAIS

Denuncian sentenza da AN contra independentistas

Vinte e duas entidades presentaron en comparecencia de prensa un comunicado colectivo para se solidarizaren c@s independentistas acusad@s de terrorismo e denunciaren a sentenza da AN como "instrumento represivo" contra organizacións políticas e sociais. A sentenza impón duras penas a catro independentistas en base a indicios considerados non concludentes.

<http://esculca.net/web/node/3785#.UkrfAdK9UaE>



17/09/2013

A PESAR DA ORDE XUDICIAL

A Xunta de tratamento nega a liberdade condicional ao J.A.V.

Por auto de 8 de xullo de 2013 o Xulgado de Vixilancia Penal de León concedeu o terceiro grao ao preso J. A. V., con réxime de vida do art. 82.1 RP, ordenando o eu ingreso nunha institución adecuada -con mención explícita do ofrecemento do Comité Cidadán Antisida de Ourense- e a tramitación do expediente de liberdade condicional.

<http://esculca.net/web/node/3791#.UkrfPtK9UaE>

19/09/2013



EM DEFENSA DOS DIREITOS DAS PESSOAS PRESAS

Jantar solidário na Cova dos Ratos de Vigo

Como cada terceiro sábado do mes, o próximo día 21 terá lugar no local do centro social A Cova dos Ratos (núm.3 da Rua Romil de Vigo) um jantar em solidariedade com as persoas presas que participan na campaña que desde hai meses se desenvolve no interior das prisons em defensa dos dereitos da poboación reclusa.

<http://esculca.net/web/node/3799#.Ukrfd9K9UaE>



19/09/2013

RECLAMAN O ESCLARECIMENTO DA MORTE DE DIEGO VIÑAS

Multas de 3.600 euros a 15 participantes na concentración de Arteixo

19/09/2013

A instancia do Ministerio Fiscal, o xulgado de instrución sete da Coruña acaba de abrir xuízo oral contra quince persoas acusadas dun delito de inxurias á Garda Civil por expresións supostamente inxuriosas proferidas na concentración do 12-10- 2010 en Arteixo en que se reclamaba o esclarecemento da morte de Diego Viña na escuadra da G.C. da localidade.

<http://esculca.net/web/node/3800#.UkrfndK9UaE>



24/09/2013

POR EXERCICIO DO DEREITO Á LIBERDADE SINDICAL

Denuncian prácticas policiais e xudiciais abusivas en apoio á patronal

A CNT de Ferrol denuncia a identificación de numerosas persoas con ocasión de diferentes concentracións convocadas diante da cafetería Warholl en protesta polo incumprimento da empresa das mínimas condicións laborais, a pesar de as protestas estaren amparadas no dereito á liberdade sindical garantido no art. 28 da C.E.

<http://esculca.net/web/node/3808#.Ukrfytk9UaE>



25/09/2013

NA RONDA DE NELHE DA CORUNHA

Denuncian intervención policial abusiva e irregular

O pasado 11 de agosto, membros da BPSC na Coruña confiscaron diverso material de propaganda da organización juvenil BRIGA despois de inspeccionarem sem autorización o automóvel dum jovem ao que previamente identificaram, junto com outros dous moços, como alegado autor dum grafiti na zona de Ronda de Nelhe da Corunha.

<http://esculca.net/web/node/3809#.Ukrf9NK9UaE>



29/09/2013

RECOMENDACIÓN DO VALEDOR DO POBO

Prohibir estreleiras (só) en partidos de alto risco

Con data 24 de setembro, o Valedor do Pobo emitiu unha recomendación en que se afirma que “a práctica de prohibir a exhibición de bandeiras independentistas debe levarse a cabo só, de xeito excepcional, en partidos que teñan sido calificados coma de alto risco pola Comisión Estatal contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte”.

<http://esculca.net/web/node/3811#.UkrgJNK9UaE>



29/09/2013

EM S. LÁZARO E NO OBRADOIRO

Volvem obstaculizar a presenza de estreleiras nos estádios

O pasado 4 de setembro, numha das entradas do multiusos de S. Lázaro, onde dous clubs galegos (Celta e Compostela) iam celebrar un xogo amigável como acto de homenagem às vítimas do accidente de Angrois e aos vizinhos que ajudaram nas tarefas de rescate, vários membros dumha associação de seguidores compostelana foram interceptados por agentes da PN.

<http://esculca.net/web/node/3812#.UkrgSdK9UaE>



30/09/2013

ALGEMADO E IMOVILIZADO DURANTE 14 HORAS

Nova denuncia por maus tratos no cárcere da Lama

G.B.S. , preso preventivo interno no penal da Lama, apresentou denuncia junto do Julgado de Guarda de Ponte-Vedra por alegados maus tratos inflingidos por vários funcionários os dias 6 e 7 de setembro numha cela especial onde fora trasladado por se negar a assinar umha notificação de sanção e onde permaneceu imobilizado durante 14 horas.

<http://esculca.net/web/node/3817#.UkrgadK9UaE>

Galiza, outubro 2013